

## DANZA DE TRASPIELAS “SUMBA OLÉ”

Fornelos de Montes, Pontevedra.

A BARRA DA MIÑA SAIA  
FOI VOCÊ QUEN MA QUEIMOUE  
COA PUNTA DO CIGHARRO  
CANDO COMIGHO BAILOUE

SUMBA, SUMBA, SUMBA OLÉ  
SUMBA NA BARRA DA SAIA OLÉ  
SUMBA, SUMBA, SUMBA, OLÉ  
SUMBA NA BARRA DA SAIA, OLE

ESTA GHARGHANTA QUE TEÑO  
NON MA FIXO UN CARPINTEIRO  
FÍXOA NUESTRO SEÑORE  
CO MARTELO E O PUNTEIRO

SUMBA...

ADEUS QUE ME VOU MUNDO  
PORQUE A TERRA ME CHAMA  
DEIXO TESTAMENTO FEITO  
QUE ME ENTERREN NA TÚA CAMA

SUMBA....

ALDEIÑA DA PORTELA  
PEQUENIÑA POLA SERE  
QUEN NON TEN AMORES NELA  
DESEABA DE OS TERE

SUMBA....

VOU A DALA DESPEDIDA  
NON È PARA ME MARCHARE  
É PRA LLE DAR O PANDEIRO  
A QUEN O SAIBA TOCARE...